



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE

XANEIRO DE 2012

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e seis de decembro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén como secretaria accidental da Corporación dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión ordinaria de data 26 de decembro de 2011 e data 2 de xaneiro de 2012.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 26 de decembro de 2011 e data 2 de xaneiro de 2012, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia.

- Orde do 16 de decembro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115A). (Diario Oficial de Galicia número 3, de data 4 de xaneiro de 2012).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que dende o departamento de Deportes estase traballando na redacción das prescricións técnicas do contrato de conserxería e mantemento dos campos de fútbol.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre reitera a necesidade da emisión dos informes relativos ao estado do local da escola de música e ao prezo do arrendamento do local dos grupos políticos por parte da arquitecta municipal.

Engade o señor concelleiro que o organigrama municipal lle foi presentado aos sindicatos e que, salvo determinadas observacións, a aceptación foi bastante positiva.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que xa están fixados os cursos de formación municipal. Serán os seguintes:

- “Curso de informática, nivel iniciación”.
- “Curso de informática, nivel medio”.
- “Curso de informática, nivel avanzado”.
- “Curso básico prevención de riscos laborais”.
- “Curso de redes sociais: aplicacións cara o emprego e as empresas”.
- “Curso preparación para exames de avaliación en competencias clave”.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que dende o día de hoxe ás 00:00 horas da noite ata as 07:00 horas apagarase a iluminación pública das zonas urbanas do Concello (o núcleo da parroquia de Cambre, O Temple e A Barcala), co fin de conseguir un aforro enerxético de entre un 30 e un 40 por cento.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Non se prescindirá totalmente das luminarias senón que se apagará entre un 50 e un 70 por cento pero sempre haberá claridade, dándose prioridade na súa iluminación aos pasos de peóns e ás interseccións das rúas.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Rios Rama informa que a “Cabalgata de Reis Magos” celebrada o pasado xoves contou con grande afluencia de público.

A continuación informa sobre a celebración do “Rock in Cambre”: este ano será coproducido co “Festival Brincadeira” e celebrarase os días 9, 10, 11 e 12 de agosto; os tres primeiros días logo do pago da correspondente entrada e con entrada libre o día 12.

Sinala o señor concelleiro que o custo total previsto ascende a uns 700.000 euros, dos que Cambre achegará uns 200.000 euros, pois a súa participación será dun 33%. Os ingresos previstos ascenden a 900.000 euros, nos que Cambre tamén participará na mesma porcentaxe. A previsión é que se obteñan beneficios a pesares de que no orzamento do 2.012 non aparecen reflectidos, manténdose o equilibrio entre ingresos e gastos para este evento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria accidental

Verónica María Otero López